



EXCMO. CONCELLO
DA
ESTRADA
(PONTEVEDRA)

---Documento: **ADXUDICACIÓN PROVISIONAL POR ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 18 DE MAIO DE 2009**

---Contrato: **DO SERVIZO DE LIMPEZA E MANTEMENTO DOS CAMPOS DE FÚTBOL MUNICIPAIS DA BAIUCA, DE FIGUEROA E DE BERRES**

---Data de inicio da publicación deste documento no perfil do contratante: **22 DE MAIO DE 2009**

Vista a proposta da Alcaldía relativa á adxudicación provisional do contrato de servizos de limpeza e mantemento dos Campos de Fútbol municipais da Baiuca, de Figueroa e de Berres.

Visto o expediente tramitado, de contratación dos servizos de “Limpeza e mantemento dos campos de fútbol municipais da Baiuca, de Figueroa e de Berres”.

Visto que, dentro de prazo, unicamente presentou solicitude de participación PIORNO 30, S.L.

Vista a documentación administrativa aportada polo licitador.

Tendo en conta que a oferta formulada polo licitador é conforme cos Pregos e a única presentada.

Visto o informe da Tesourería municipal de que se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias para co Concello

Vista a fiscalización previa da Intervención municipal de data 18-05-09.

Vista a competencia da Xunta de Goberno Local, segundo o sinalado na Disposición Adicional Segunda, punto 1, da Lei 30/2007, e Decreto de delegación de 21 de xuño de 2007.

A Xunta de Goberno Local, adopta, por unanimidade, os seguintes Acordos:

1º.- Adxudicar provisionalmente o contrato de servizos de “Limpeza e mantemento dos campos de fútbol municipais da Baiuca, de Figueroa e de Berres”, por importe de 9.898,00 euros a PIORNO 30, S.L., con arranxo aos Pregos e á súa oferta.

2º.- A adxudicación provisional queda condicionada, en todo caso, a que por parte do adxudicatario se aporte a seguinte documentación:

- Programa de Traballo para cada instalación obxecto do contrato.
- Certificación acreditativa de estar dado de alta no Imposto sobre Actividades Económicas, no epígrafe/s correspondentes, no ámbito municipal, provincial ou nacional.
- Certificacións acreditativas de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
- Xustificante de ter constituída na Tesourería do Concello a correspondente garantía definitiva en calquera das formas previstas no artigo 84 da Lei 30/2007. O importe da garantía será do 5% do importe da adxudicación, excluído o IVE.

A documentación deberá ser aportada no prazo máis breve posible e nunca máis alá de 15 días hábiles a contar dende o día seguinte á publicación da adxudicación provisional no Perfil do Contratante.

3º.- Notifíquese o presente Acordo e publíquese a adxudicación provisional no Perfil do Contratante.

A Estrada 22 de maio de 2009.

O ALCALDE,

Asdo. José A. Dono López.